

RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2023, da Valedora do Pobo, pola que se nomean os membros da Comisión de Selección para a instrución do procedemento de concesión de dúas bolsas destinadas a persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial para a formación práctica nesta institución

Mediante Resolución do 2 de xaneiro de 2023, da Valedora do Pobo (Diario Oficial de Galicia núm. 12, do 18 de xaneiro) convocáronse dúas bolsas destinadas a persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial para a formación práctica nesta institución.

Na base décima da dita resolución dispónse que os nomes das persoas que constitúan a Comisión de Selección e dos seus suplentes publicaranse na páxina web da Valedora do Pobo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

De conformidade coa base décima da dita resolución, a Valedora do Pobo

RESOLVE

Primeiro.- Nomear os membros da Comisión de Selección, titulares e suplentes, que instruirán o procedemento de concesión de dúas bolsas destinadas a persoas con discapacidade física, orgánica ou sensorial para a formación práctica nesta institución, que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo.- Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación na páxina web da Valedora do Pobo.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

ANEXO

Comisión de Selección titular:

Presidencia:

Santiago González Serrano (Xefe de Servizo da Valedora do Pobo).

Vogais:

Luciano Fernández Pintor

Juan Carlos García España

Secretaría:

Elena Natalia Aller Fajardo (Xefa de Sección da Valedora do Pobo)

Comisión de selección suplente:

Presidencia:

Beatriz González Moreno (Coordinadora Xeral da Valedora do Pobo).

Vogais:

Verónica Álvarez Vila

Juan José Rodríguez Blanco

Secretaría:

Pilar Sobredo Mata